

DEREITOS E DEBERES DOS PROFESORES

Relator: Fermín Álvarez Lata

LEXISLACIÓN

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4).
- Lei 4/1988 do 26 de maio da Función Pública en Galicia (DOG do 1 do xuño). Modificada pola Lei 4/1991 do 8 de marzo (DOG do 13), pola Lei 8/1992, do 24 de xullo (DOG do 6 de agosto) e pola Lei 3/1995 do 10 de abril (DOG do 20), pola Lei 9/2003 do 23 de decembro (DOG do 29), pola Lei 13/2007 do 27 de xullo (D.O.G. do 27 de agosto) e outras.
- Orde do 1 do setembro de 1987 pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes (DOG do 11).

LEXISLACIÓN (cont)

- Decreto 94/1991 do 20 de marzo polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da administración da comunidade autónoma de Galicia (DOG do 25).
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria (DOG 21 do outubro).

LEXISLACIÓN (cont)

- Orde do 22 do xullo de 1997, pola que se regulan a organización e funcionamento de EEl, CEP E CEIP (DOG do 2 do setembro).
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 26 do xaneiro).
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.

LEXISLACIÓN (cont)

- Decreto 324/1996 do 26 do xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto).
- Orde do 1 de agosto de 1997 que desenvolve a Decreto 324/96 e regula a organización e funcionamento dos IES (DOG do 2 de setembro).
- Real Decreto 2112/1995 do 2 de outubro polo que se regulan os concursos de traslado de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes ós corpos docentes (BCE do 6 do outubro) .

LEXISLACIÓN (cont)

- Lei 9/1999 do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG do 31 de decembro).
- Lei 39/1 999 do 5 do novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras (BCE do 6 do novembro) .

LEXISLACIÓN (cont)

- Lei 9/2003, do 23 de decembro de medidas tributarias e administrativas (DOG do 29 do decembro).
- Decreto 158/2004 do 7 de xullo polo que se desenvolve o disfrute a tempo parcial dos permisos de parto (DOG do 20 de xullo).
- Orde do 17 de xuño de 2004 pola que se regulan as permutas provisionais, por petición dos interesados, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería.

LEXISLACIÓN (cont)

- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- Orde do 30 de abril de 2007 pola que se regulan as comisións de servizo por motivos de saúde (DOG do 9 de maio).

LEXISLACIÓN (cont)

- Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a convocatoria para o ano 2008 da xubilación anticipada voluntaria conforme á LOE (DOG do 3 de xaneiro de 2008).
- Orde do 28 de xuño de 2006 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizo e por petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (D.O.G. do 30 de xuño de 2006), modificada pola Orde do 3 de maio de 2007 (D.O.G. do 7 de xuño).

LEXISLACIÓN (cont)

- Decreto 140/2006, do 31 de agosto polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.(D.O.G. Do 1 de setembro de 2006)

LOE – Funcións do Profesorado

- A programación e a ensinanza.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe e dos procesos de ensinanza.
- Tutoría, dirección e orientación da súa aprendizaxe e apoio no seu proceso educativo en colaboración coas familias.
- Orientación educativa, académica e profesional en colaboración cos servicios e departamentos especializados.
- Atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.

LOE – Funcións do Profesorado (2/3)

- Promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro e fora do recinto, programadas polos centros.
- Contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, tolerancia, participación e liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
- Información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe e orientación para a cooperación no mesmo.

LOE – Funcións do Profesorado (3/3)

- Coordinación das actividades docentes de xestión e de dirección encomendadas.
- Participación na actividade xeral do centro.
- Participación nos planos de avaliación.
- Investigación, experimentación e mellora continua dos procesos de ensinanza.
- Todo isto baixo o principio de colaboración e traballo en equipo.

LOE – Formación do profesorado

■ Formación inicial:

- Axustarase ás necesidades de titulación e de cualificación requeridas.
- Para exercer a docencia, serán necesarias as titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que se estableza.
- Para isto estableceranse convenios coas universidades.

■ Incorporación á docencia:

- Nos centros públicos farase coa titoría de profesores experimentados.

LOE – Formación do profesorado

(2/2)

- Formación permanente:
 - Dereito e obriga dos profesores e responsabilidade das AAEE.
 - Os programas de formación contemplarán a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas.
 - As AAEE promoverán a utilización das TICs e a formación en linguas estranxeiras.
 - Nos centros públicos, as AAEE planificarán actividades de formación de forma diversificada e gratuíta para favorecer a participación do profesorado.
 - Facilitarase o acceso a outras titulacións que permitan a mobilidade a outras ensinanzas (universitarias incluídas).

LOE – Recoñecemento, apoio e valoración do profesorado

- As AAEE velarán para que o profesorado reciba o trato, consideración e respecto adecuados.
- Tamén prestarán atención prioritaria á mellora das condicións de traballo e ao estímulo dunha crecente consideración e recoñecemento social da función docente.
- O profesorado disporá de acceso gratuíto a bibliotecas e museos públicos cunha acreditación dos directores.

LOE – Recoñecemento, apoio e valoración do profesorado (2/3)

- Para os dos centros públicos:
 - Protección e asistencia xurídica.
 - Cobertura da responsabilidade civil.
 - Recoñecemento da función titorial, da especial dedicación ao centro e a planos de innovación educativa e da impartición de clases en linguas estranxeiras.
 - Licencias retribuídas para actividades de formación e de investigación e innovación educativas.
 - Reducción da xornada lectiva para maiores de 55 anos, con diminución de retribucións ou substitución parcial da xornada lectiva por outras actividades.

LOE – Recoñecemento, apoio e valoración do profesorado (3/3)

- As AAEE elaborarán planos de avaliación da función docente.
- Fomentarán a avaliación voluntaria.
- Disporán procedementos para que os resultados das avaliacións sexan tidos en conta nos concursos de traslados e na carreira docente xunto coas actividades de formación, investigación e innovación.

LEI 4/1988 DA FUNCIÓN PÚBLICA EN GALICIA

- Aplicable a todo o persoal da Administración da Comunidade Autónoma, ao que clasifica en: funcionarios, persoal eventual, persoal interino e persoal laboral.
- Xubilación forzosa:
 - De oficio aos 65 anos.
 - Pero non se produce ata cese no servicio activo.
 - Poderase permanecer nel ata os 70
 - Solicitalo ao Conselleiro da Presidencia dous meses antes dos 65. Se 15 días antes non hai resposta negativa, está concedido.

LEI 4/1988 DA FUNCIÓN PÚBLICA EN GALICIA (cont)

- Xubilación logo de expediente: de oficio ou a instancia. Preceptiva audiencia.
- Xubilación voluntaria a instancia do funcionario.
- Situacións administrativas: servizo activo, servizos especiais, servizos noutras Administracións, suspensión de funcións, expectativa de destino e excedencias voluntarias ou forzosas.

LEI 4/1988 DA FUNCIÓN PÚBLICA EN GALICIA (cont)

- Excedencias voluntarias:
 - Por incompatibilidade.
 - Por interese particular estando os cinco anos anteriores en servizo activo.
 - Por agrupación familiar con cónxuxe funcionario ou laboral fixo noutro concello.
 - Por coidado de fillos máximo 3 anos. Poderase limitar a un dos pais e rematando o prazo anterior se son sucesivos.
 - O mesmo para coidado de familiar ata 2º grao, se non se pode valer por si mesmo e non desempeña actividade retribuída.
 - Reserva de posto por dous anos. Despois mesma localidade e mesma retribución.

LEI 4/1988 DA FUNCIÓN PÚBLICA EN GALICIA (cont)

- Excedencias voluntarias (cont):
 - Voluntaria incentivada.
 - Poderase declarar por non solicitar o reintegro ao servizo activo.
 - Por razóns de violencia sobre a muller funcionaria, seis meses prorrogables por períodos de 3 e máximo de 18. Reserva de posto e os dous primeiros meses con retribucións.
- Carreira administrativa: reservárase un mínimo dun 25% das vacantes para funcionarios do grupo inferior con dous anos de antigüidade e con preferencia para cubrilas

XORNADA DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DOCENTES

- Dedicación a actividades do centro 30 horas. Serán de docencia directa 25 no ensino básico e 18 – 19 – 20 no ensino medio. O resto: titorías e orientación, gardas, reunións de seminarios, sesións de avaliación, órganos de goberno, actividades extracolares, ordenación e mantemento do material didáctico.
- Resto do horario para: preparación das actividades docentes, perfeccionamento profesional e deberes inherentes á función docente.

DECRETO 94/1991

■ Faltas moi graves:

- Incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Autonomía.
- Discriminación por razóns de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza e outras.
- Abandono de servicio.
- Acordos ilegais con prexuízo grave
- Publicación ou utilización de segredos oficiais.
- Notoria falta de rendemento
- Violación da *neutralidade* ou independencia políticas.

DECRETO 94/1991 (cont.)

- Faltas moi graves (cont):
 - Incumprimento incompatibilidades
 - Obstaculización liberdades políticas e dereitos sindicais
 - Coarta-lo dereito de folga
 - Participación en folgas quen o teña prohibido por lei
 - Non atende-los servicios esenciais nas folgas
 - Limitacións da libre expresión de pensamento, ideas e opinión.
 - Tres faltas graves nun ano.

DECRETO 94/1991 (cont.)

- Faltas graves:
 - Falta de obediencia debida.
 - Abuso de autoridade.
 - Conductas de delicto doloso.
 - Tolerancia ós subordinados de faltas graves ou moi graves.
 - Grave desconsideración.
 - Causar danos graves.
 - Intervir nun procedemento habendo causas de abstención.

DECRETO 94/1991 (cont.)

- Faltas graves (cont):
 - Informes e acordos ilegais.
 - Falta de rendemento.
 - Non garda-lo debido sixilo.
 - Incumprimento de prazos e outras disposicións en materia de incompatibilidades.
 - Incumprimento inxustificado da xornada de traballo un mínimo de dez horas o mes.
 - Terceira falta inxustificada de asistencia.

DECRETO 94/1991 (cont.)

- Faltas graves (cont):
 - A grave perturbación do servicio.
 - Atentado grave a dignidade.
 - Grave falta de consideración.
 - Evadi-los sistemas de control de horarios.

DECRETO 94/1991 (cont.)

- Faltas leves:
 - Incumplimento inxustificado do horario de traballo.
 - Falta de asistencia inxustificada,
 - A incorrección,
 - Descoido ou negligencia.
 - Incumplimento de deberes e obrigas.

DECRETO 94/1991 (cont.)

■ Sancións:

- a) Separación do servicio.
- b) Suspensión de funcións.
- c) Traslado con cambio de residencia.
- d) Apercibimento.
- Por faltas moi graves poderanse impoñer a), b) (de tres a seis anos) e c).
- Por faltas graves b) (ata tres anos) e c).
- Por faltas leves d)

DECRETO 94/1991 (cont.)

- *Extinción* da responsabilidade disciplinaria:
 - Por cumprimento da sanción.
 - Por morte.
 - Por prescripción.
 - Por indulto.
 - Por amnistía.
 - Por perda da condición de funcionario.

DECRETO 94/1991 (cont.)

■ Prescrición:

- Moi graves aos tres anos.
- Graves ao ano.
- Leves ao mes.
- As sancións igual.

■ Órganos competentes:

- O consello da Xunta para a separación do servicio.
- O Conselleiro ou Secretario Xeral para as sancións por faltas graves ou moi graves.
- Os Directores Xerais e os Delegados para as sancións por faltas leves

HORARIO DE PROFESORES EN EI E EP

- Prioridades adscrición funcional:
 - Antigüidade como propietario definitivo no centro.
 - Antigüidade como funcionario de carreira.
 - Número de rexistro persoal ou orden na lista.
- Trinta horas de permanencia:
 - Vintecinco lectivas (cinco diarias) á sua área ou atención á diversidade, outras áreas, desdobramentos, apoios, substitucións ou recursos didácticos.
 - As outras 5: entrevistas cos pais, reunión de equipos docentes, programación, AEC, reunións de claustro, CCP, CE e comisións e actividades de perfeccionamento.

HORARIO DE PROFESORES DE SECUNDARIA

- Períodos lectivos: 18 – 19 – 20
- Horas complementarias fixas 5: 2 de titoría, 2 gardas e 1 reunión departamento.
- Resto ata 30: claustro, avaliacións, coordinación pedagóxica, preparación de prácticas, AEC, equipos docentes, titoría dos de prácticas, actividades de formación e outros.
- As complementarias fixas e as de claustro e avaliacións considéranse lectivas para faltas de asistencia.

HORARIO DE PROFESORES DE SECUNDARIA (cont)

- De luns a venres mínimo de tres horas e entre 2 e 5 lectivas.
- Profesores que comparten: 18 horas lectivas, 6 complementarias (4 fixas) e un claustro.
- Encargado de biblioteca: todas as horas complementarias agás RD na biblioteca.
- Profesores con redución preferible complementarias ao cargo. Se non, empezar por Xefes de Departamento.
- Profesores de relixión menos de 16, retribución por horas

HORARIO DE PROFESORES DE SECUNDARIA (cont)

- Orde de elección de quenda e grupo:
 - a) Catedráticos anteriores á LOXSE
 - b) Servicios efectivos no corpo
 - c) Antigüidade ininterrompida no centro.
 - d) Antigüidade no corpo.
 - e) Condición de catedrático.
- Profesores técnicos de Formación Profesional:
b), c) e d).

PERMISOS E LICENCIAS DE PROFESORES

- Permisos causas previsibles solicitar unha semana antes.
- Causas imprevistas comunicar canto antes e xustificar o día da incorporación.
- Para Directores da permiso o Inspector.
- Permisos sen salario solicitar ao delegado. Non ausentarse sen recibilo.
- Licencias por enfermidade modelo Muface ou SS.

PERMISOS E LICENCIAS DE PROFESORES

- Control de asistencia Xefe de Estudos e profesores de garda.
- Parte de faltas antes do día 5 á Inspección e taboleiro de anuncios. Os xustificantes no centro a disposición do inspector.
- Non xustificadas comunicar ó Delegado en 7 días dando conta ao interesado.

COMISIÓNS DE SERVIZOS POR MOTIVOS DE SAÚDE

- Funcionarios en servizo activo ou persoal interino con merma de facultades ou por enfermidade de familiar de 1º grao que conviva e dependa del e, excepcionalmente, de 2º grao cando non exista ningún familiar en 1º grao.
- Solicitud ao Delegado acompañada de informe médico oficial, probas diagnósticas médicas, certificado de grao de discapacidade, informe do traballador social e copia compulsada do libro de familia. Do 15 ao 30 de abril e 15 días despois da resolución do CT.
- Non poden ser familiares polo mesmo motivo. Incompatibles con outra comisión de servizos.
- Vixencia dun curso.

PERMUTAS

■ Definitivas:

- Requisitos: destino definitivo mínimo dous anos, de igual natureza e forma de provisión, diferencia máxima de 5 anos de sevizo, informe favorable da unidade e un mínimo de 10 anos ata a xubilación forzosa.
- Entre AA.EE. diferentes, autorización de ambas.
- Non solicitar outra en dez anos.
- Anúlense se en dous anos hai excedencia ou xubilación voluntarias.
- Non participar en concursos de traslados ata dous anos.

PERMUTAS

■ Provisionais:

- Para funcionarios de carreira, en prácticas ou interinos.
- Presentación solicitudes do 1 ó 10 de setembro.
- Non mais de tres anos a un funcionario e dous os mesmos permutantes, agás informe favorable da Comisión.
- Toma de posesión a principios de curso e duración un curso.

XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA LOE

- Ininterrompidamente nos 15 anos anteriores en cadros de persoal docente ou servicios especiais ou en posto dependente da AE ou en excedencia por algúns supostos.
- Ter cumpridos 60 anos o 31 de agosto.
- Mínimo 15 anos de servicios efectivos ao Estado.

XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA LOE (cont)

- Con 28 anos de servicios, dúas gratificacións: estatal e autonómica.
- Solicitude nos dous primeiros meses do ano e renuncia antes do 1 de abril.
- Coa última paga a gratificación estatal e o 60% da autonómica. Resto no mes de marzo.

Vacacións

- Un mes natural ou 22 días hábiles.
- Día hábil adicional aos 15, 20, 25 e 30 anos de servizo. Con efectos do ano seguinte.
- Sábados non hábiles.
- Dereito á elección das mulleres xestantes e preferencia para os pais de menores de 12 anos ou maiores dependentes.
- Os permisos de maternidade, paternidade, lactancia e baixa por embarazo son acumulables ás vacacións.

CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

- A adscrición estará condicionada á existencia de praza vacante ou necesidade de profesorado.
- Poderán solicitala os funcionarios de carreira en servicio activo dos corpos docentes non universitarios con destino definitivo en Galicia.

CONCILIACION DA VIDA FAMILIAR E LABORAL (cont)

■ Requisitos:

-Ter un fillo menor de tres anos, dous menores de cinco ou tres menores de dez e tamén cando exista embarazo a termo final no ano natural.

-Destino definitivo a unha distancia superior a 60 km. ou desprazamento superior a unha hora.

-Ter solicitado praza no último concurso de traslados.

-Se os dous cónxuxes son funcionarios docentes só poderá solicitalo un deles.

CONCILIACION DA VIDA FAMILIAR E LABORAL (cont)

- Solicitude ao Secretario Xeral coa documentación xustificativa e a fotocopia do libro de familia entre o 16 e o 31 de maio
- Despois de concedida, solicitude de adxudicación de destino en cinco días.
- Prioridade as de motivo de saúde, e despois por número de fillos menores de 10 anos, antigüidade como funcionario, antigüidade no centro e puntuación na oposición.

Complemento por función titorial e outras funcións docentes

- Aplicación a funcionarios docentes dependentes da Consellería que imparten ensinanzas reguladas na LOE.
- A contía será de 15€ dende 1-1-08 e 45 dende o 1-1-2009.
- Teñen dereito:
 - Os que sexan nomeados titores.
 - Os que teñan 21 horas lectivas (con gardas) na EI, EP ou EE.
 - Os que teñan 18 horas lectivas na ES

Complemento por función titorial e outras funcións docentes (cont)

■ Teñen dereito: (cont)

■ Os que dentro do horario lectivo dos alumnos complete o seu horario lectivo con:

- Reforzo educativo
- Atención á diversidade
- Desdobramentos en LG, LC, LE, MT, QU, BI ou TCN
- Atención a extranxeiros e minorías étnicas
- Apoio á EI

Complemento por función titorial e outras funcións docentes (cont)

- Teñen dereito: (cont.)
 - Os que dentro do horario lectivo e horas complementarias fixas colaboren en:
 - Dinamización das TICs
 - Dinamización da convivencia escolar
 - Dinamización da normalización lingüística
 - Dinamización da mellora da calidade educativa
 - Dinamización de programas internacionais
 - Dinamización de apoio á xestión económica.
 - Outras actividades para mellora da calidade do ensino dentro do PEC e da PXA.
 - A Delegación poderá establecer outras funcións oída a Xunta de Persoal

Complemento por función titorial e outras funcións docentes (cont)

- Os centros fomentarán a dinamización de proxectos específicos.
- Cada centro determinará no PEC a prioridade das dinamizacións.
- Cando menos biblioteca, convivencia e TICs.
- A dirección designará a persoa dinamizadora de cada proxecto por un período de dous anos.
- Actuarán baixo a coordinación da xefatura de estudos agás a de xestión económica, que o fará baixo a do secretario

Complemento por función titorial e outras funcións docentes (cont)

- Necesitarán dúas horas das complementarias fixas para ter dereito ao complemento.
- Tamén terán dereito os de programas europeos, Cefores, EOE's e prazas de convenio ou asesoramento.
- Será compatible con outros complementos como órganos unipersoais de goberno, postos de traballo docentes singulares, consolidación do complemento específico por dirección, mestres do 1º ciclo de ESO e outros.
- Os directores certificarán no modelo do anexo as actividades que realiza cada profesor.

Permisos e licenzas para persoal docente

- Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente (D.O.G. Do 23).
- Nela equipáranse a unión de feito e matrimonio e tamén convivente e cónxuxe.

Permisos

- Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar:
 - Primeiro grao: tres ou cinco días.
 - Segundo grao: dous ou catro días
 - Sempre e cando hai hospitalización ou intervención cirúrxica maior, ou cando o determine a inspección médica.
 - Os producidos no mesmo día non suporán duplicidade de días.
 - Permiso ininterrompido computando o día do suceso se o funcionario non prestou xa os servizos.
 - Excepcionalmente, por organización familiar, de forma interrompida dentro dos quince días.
 - Computaranse todos os días agás domingos e festivos.
 - Considerarase como localidade de residencia a comunicada á Administración.
 - Documentación xustificativa a determinar pola dirección.

Permisos (2)

- Traslado de domicilio:
 - Un día na mesma localidade e dous se hai cambio.
 - Familias de dous ou mais membros serían dous e catro.
 - Dentro dunha prestación de servizos continuada.
 - Non por primeiro destino, interino, substituto, nomeamento, concurso de traslados, comisión de servizos, adscrición, destinos provisionais, etc.
 - Referido ao día do traslado e con carácter ininterrompido e días naturais.
- Funcións sindicais: nos termos legalmente establecidos.

Permisos (3)

- Exames finais e probas definitivas de aptitude:
 - Durante os días da súa realización.
 - Tamén para probas selectivas de ingreso á función pública.
 - Tamén aos exames parciais liberatorios de programa.
 - Deberán ser convocados por centros oficiais.
 - Todo o día e o tempo mínimo para desprazamento.

Permisos (4)

- Hora de ausencia por fillo menor de doce meses:
 - Unha hora de ausencia. Poderá dividirse en dúas fraccións ou substituírse por redución de xornada de unha hora. En horas complementarias fixas.
 - A nai poderá decidir a acumulación en catro semanas de forma ininterrompida despois da licenza por parto ou, posteriormente, antes de cumprir 12 meses.
 - Parto múltiple: catro semanas máis por cada fillo adicional.
 - No mesmo réxime de xornada que por embarazo.
 - O pai, por opción da nai cando sexa funcionaria, traballadora por conta allea ou autónoma, poderá disfrutalo, agás risco para a saúde da nai.

Permisos (5)

- Nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados:
 - Dereito a ausentarse por un máximo de dúas horas diarias.
 - Duración fixada pola dirección.
 - Caso de conflito cos intereses do alumnado, no horario complementario.
- Exames prenatais e técnicas de preparación para o parto:
 - Tempo necesario logo de xustificación da súa necesidade dentro da xornada de traballo.
 - Mesmo dereito para acompañar a cónxuxe ou parella

Permisos (6)

- Tratamento de fecundación asistida:
 - Tempo necesario con aviso previo e xustificación de necesidade dentro da xornada de traballo e nos centros do SNS. Fora da provincia: dous días.
- Accidentes ou enfermidades moi graves:
 - Para o coidado de cónxuxe, familiares de primeiro grao e acollidos ou familiares conviventes.
 - Permiso retribuído dun máximo de trinta días naturais.
 - Permiso único por accidente ou enfermidade que se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.
 - Mais dun titular: ratear entre eles cun máximo de 30 días.

Permisos (7)

- Accidentes ou enfermidades moi graves (cont.):
 - Logo de informe da inspección médica.
 - Poderase solicitar informe da comisión autonómica de inspectores médicos.
 - Non poderán ser inferiores a 7 días.
 - Os inferiores a 30 días poderán ser prorrogados coa duración máxima acumulada de 30 días.
 - De forma partida ou por máis dun titular non poderán rematar nun venres e reiniciarse o luns.
 - Finalizarán cando variasen as circunstancias. Se a continuación se producira o permiso por falecemento, continuaría o substituto.

Permisos (8)

- Revisións médicas:
 - Dereito a ausentarse para realizar revisións médicas, para acompañar aos fillos, ao cónxuxe e persoas maiores ao seu cargo, con aviso previo e xustificación da necesidade dentro da xornada de traballo.
 - Deberase acreditar que están ao seu cargo e as limitacións que lles impidan ir sos, agás probas diagnósticas especiais.
 - Caso de periodicidade, solicitude única con documentos e medidas dos centros, incluso con substituto logo de informe da inspección médica.
 - Inclúense as enfermidades leves non superiores a 3 días con xustificación documental.

Permisos (9)

- Deber inescusable de carácter público ou persoal:
 - Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.
 - Deber persoalísimo sen posibilidade de representación.
 - Enténdese por carácter público ou persoal:
 - a) Asistencia a reunións dos órganos ou comisións por desempeño de cargos directivos.
 - b) Citacións de organismos oficiais.
 - c) Visitas de programas europeos.

Permisos (10)

- a) Comisi3ns das PPAU.
 - b) Convocatorias da consellería ou delegaci3ns.
 - c) Asistencia a tribunais con nomeamento.
 - d) Obrigas que xeran responsabilidade de orde civil, penal, social ou administrativa.
- Por asuntos persoais:
 - Catro d3as dos que dous ser3n lectivos e atendendo necesidades do servizo.

Permisos (11)

- Por parto:
 - Dezaseis semanas ininterrompidas. Dúas semanas máis por discapacidade ou por cada fillo en parto múltiple.
 - Distribuído á opción da funcionaria con seis semanas posteriores. Se falecera a nai, disfrutarao o outro proxenitor.
 - Se os dous traballan, a nai poderá optar ao principio porque o outro proxenitor disfrute parte do permiso con posterioridade ao parto de forma ininterrompida e simultánea ou sucesiva coa nai; aínda que esta se poña de baixa. A opción poderá ser modificada.
 - Poderase disfrutar a tempo completo ou parcial en media ou terzo da xornada, solicitandoo en calquera momento, para un ou os dous pais, simultánea ou sucesivamente.

Permisos (12)

- Por parto (cont.):
 - Poderase participar en cursos de formación.
 - En caso de parto prematuro ou permanencia no hospital, poderá ampliarse un máximo de trece semanas.
- Por adopción ou acollemento:
 - Dezaseis semanas ininterrompidas. Dúas semanas máis por discapacidade ou por cada fillo en adopción múltiple.
 - Contado desde a decisión administrativa ou xudicial, ou desde a resolución xudicial, pero un período de gozo por cada menor.
 - Se ambos traballan, poderase gozar de forma simultánea e sucesiva.

Permisos (13)

- Por adopción ou acollemento (cont.):
 - Poderase gozar a tempo completo ou parcial da mesma forma que no parto.
 - Tres meses para desprazamento con retribucións básicas, podendo ser de forma fraccionada.
 - En calquera caso, poderase iniciar catro semanas antes da resolución ou da decisión.
 - Poderase participar en cursos de formación.

Permisos (14)

- Por paternidade:
 - Vinte nove días naturais a partir da data. Trinta e cinco en parto adopción ou acollemento múltiple.
 - Poderase gozar de forma sucesiva ou simultánea en períodos ininterrompidos en adopción ou acollemento.
 - Independente dos permisos de parto, adopción ou acollemento cando sexan compartidos.
 - A nai poderao gozar a continuación dos outros cando o pai falecese, se non hai filiación paterna determinada, non estivesen casados ou unidos e cando se lle concedera a garda do fillo.

Permisos (15)

- Por paternidade (cont.):
 - Na unión de dúas mulleres, disfrutarao a que non sexa nai biolóxica.
 - O tempo destes permisos considerarase como de servizo efectivo, con todos os dereitos económicos.
 - Reincorporaranse ao posto de traballo en condicións non menos favorables e beneficiándose de calquera mellora.
 - Se no mes de agosto estivese ou iniciase o permiso por paternidade, disfrutará ao final os días de vacacións non gozados.

Permisos (16)

- **Violencia de xénero sobre o persoal funcionario:**
 - As faltas de asistencia da vítima consideraranse xustificadas polo tempo que determinen os servizos sociais.
- **Asistencia a actividades de formación:**
 - As organizadas pola consellería: a admisión implica permiso e éste será comunicado á inspección e á dirección.
 - As organizadas polos CEFORES: o profesorado só poderá asistir fora do seu horario lectivo.

Permisos (17)

- Asistencia a actividades de formación (cont):
 - As organizadas por universidades e similares:
 - a) Solicitud ao delegado, acompañada dun informe indicando as repercusións e as medidas que se adoptarán.
 - b) Criterios: relación coa función, repercusión na calidade educativa e número de profesores asistentes.
 - c) Sometidas a informe da inspección.
 - d) Entrada na delegación 10 días antes.
 - e) Necesario recibir a autorización.
 - f) Xustificación coa certificación de asistencia.

Licenzas

- Matrimonio ou unión de feito:
 - Quince días ininterrompidos comprendendo o día ou inmediatamente despois.
 - Excepcionalmente outras datas dentro do curso académico.
- Asuntos propios:
 - Sen retribución por un máximo de tres meses cada dous anos, computados o día de comezo.
 - Depende das necesidades de servizo e con carácter xeral non será inferior a cinco días.

Redución de xornada

- Por garda legal:
 - Para coidado directo dun menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha con discapacidade sen actividade retribuída: redución dun terzo ou dun medio de xornada coa diminución proporcional de retribucións
 - Tamén para coidado dun familiar de 1º ou 2º grao por idade, accidente ou enfermidade cando no se valla por si mesmo, e sen actividade retribuída.
 - Incompatible con calquera outra actividade.
 - A pensión por diminuído non equivale a actividade retribuída.

Redución de xornada (2)

- Por garda legal (cont.):
 - Pódese acumular coa lactancia.
 - Reduciranse proporcionalmente o horario lectivo, o complementario fixo e a permanencia no centro.
 - Pode eximir da obrigatoriedade de docencia todos os días.
- Por coidado dun familiar:
 - Para atender a un familiar de primeiro grao: redución de ata o 50% con carácter retribuído por enfermidade moi grave por un mes prorrogable a dous.
 - Se hai máis dun titular, poderase ratear.
 - Se non hai familiares de primeiro grao ou están incapacitados, poderán disfrutala os de segundo grao.

Reducción de xornada (3)

- Por coidado de familiar (cont.):
 - Necesario informe da inspección médica conforme á guía de boa praxe da Secretaría Xeral.
 - Pódese solicitar con anterioridade informe da comisión autonómica de inspectores médicos.
 - Non poderá ser inferior a sete días. Poderá prorrogarse previo informe da inspección médica.
 - Finalizará cando varíen as circunstancias e se fose por falecemento o substituto continuará.
- Violencia de xénero:
 - Redución da xornada coa diminución proporcional de haberes, para protección ou asistencia social integral. Tamén dereito a reordenación do horario.

Ausencias imprevistas

- Imprevistos:
 - Por imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días, a dirección poderá aceptar xustificacións non documentais ata 24 períodos lectivos no curso.
 - Cando se superen ou non se acepte a xustificación, deberanse xustificar documentalmente.

Solicitudes:

- Nos modelos anexos I a V, acompañadas dos documentos indicados no anexo VI
- Órganos competentes:
 - Delegado provincial:
 - Funcións sindicais.
 - Hora de ausencia por fillo menor de doce meses.
 - Accidentes ou enfermidades moi graves.
 - Revisións médicas con periodicidade.
 - Parto.
 - Adopción ou acollemento.
 - Matrimonio ou unión de feito.
 - Asuntos propios.
 - Licenza por enfermidade.
 - Licenza por estudos.
 - Reducións de xornada.

Solicitudes (2)

- Órganos competentes (cont.):

- Directores:

- Falecemento, accidente ou enfermidade grave.
 - Traslado de domicilio.
 - Exames finais ou probas definitivas de aptitude.
 - Nacemento de fillos con hospitalización.
 - Exames prenatais e técnicas de preparación para o parto.
 - Tratamento de fecundación asistida.
 - Revisións médicas non periódicas.
 - Deber inescusable de carácter público ou persoal.
 - Asuntos persoais.
 - Paternidade.
 - Violencia de xénero sobre o persoal funcionario.

Solicitudes (3)

- Prazo para resolver:
 - Directores: tres días hábiles.
 - Delegados: dez días hábiles.
 - Silencio administrativo ten efectos positivos.
 - No caso de falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar, logo da comunicación.
- Recursos:
 - As decisións dos directores por recurso de alzada no prazo dun mes perante o delegado.
 - As dos delegados perante o secretario xeral.